

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Maio 2010

### NOTA DE PRENSA

**En maio de 2010 os prezos dos bens exportados aumentaron en termos interanuais un 4,4% e os dos bens importados aumentaron un 19,6%**

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia aumentaron un 4,4% en maio de 2010 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 19,6%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 3,6% e os dos bens importados medraron un 10,3%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

### Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens intermedios foi do 6,8%. Os prezos dos bens de equipo e dos bens de consumo aumentaron un 1,2% e un 3,9%, respectivamente

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios aumentaron un 23,2%. Os prezos dos bens de consumo aumentaron un 13,1% e dos bens de equipo diminuíron un 22,3%.



## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Maio 2010

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>4,4</b>	<b>-3,6</b>	<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>19,6</b>	<b>10,3</b>
Bens de consumo	3,9	-6,8	Bens de consumo	13,1	3,6
Bens de equipo	1,2	-4,6	Bens de equipo	-22,3	-14,5
Bens intermedios	6,8	3,0	Bens intermedios	23,2	14,0

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

### Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un aumento interanual do 10,2% para os países pertencentes á Unión Económica e Monetaria, do 7,5% para a UE-25, do 6,0% para o OCDE e unha diminución do 5,2% para o resto de países.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 19,9% e os procedentes do resto de países un 18,4%.

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Maio 2010

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	10,2	-3,9	UEM	14,9	9,1
UE-25	7,5	-3,7	UE-25	9,8	7,9
OCDE	6,0	-2,3	OCDE	19,9	10,3
Resto de países	-5,2	-11,3	Resto de países	18,4	9,4

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_ivus\\_ref\\_2005\\_ga.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>